

# PORSUPORTO

## RESUMO EXECUTIVO

A proposta formulada parte das seguintes premisas: o mantemento da actividade portuaria, a introdución progresiva das actividades cidadáns nos terreos portuarios, as implicacións para a participación cidadá e a temporización das accións formuladas da condición procesual dunha operación de transformación urbana desta escala, a combinación da lectura transversal (escala barrio) e lonxitudinal (escala metropolitana), a funcionalidade social e medioambiental do bordo costeiro como interconexión da rede de espazos libres rexionais e a aposta pola titularidade pública da totalidade dos actuais terreos portuarios.

O proxecto estrutúrase en tres fase diferenciadas para dar resposta a incertidume do proceso: unha primeira fase (2020) centrada nas transformacións inmediatas, de baixo custo e provisionais, unha segunda fase (2030) centrada na apertura aos usos públicos e ás novas formas de mobilidade, e unha terceira e última fase (2050) centrada na hipótese dun futuro incerto, pero público e con actividade portuaria.